

Foto gañadora do concurso



"A song for the freedom..."

Laura Formoso



Falamus!

Voceiro do Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística
do Conservatorio Profesional de Música Xan Viaño de Ferrol

2010 - 2011 Curso Académico Xan Viaño (1960 - 1991)

Nº3
xullo 2011



Xan Viaño **Peque Coro Comenius!** **Viaxe a Londres**
Entrevista ao director **Concurso de fotografía**

Editorial

Aquí estamos de novo entregándovos quentiña a última revista “Falamus” do Conservatorio Xan Viaño. Ven, coma todos os anos, cargadiña de novidades e rechea con unha morea de actividades de entre todas as que durante este curso fixemos no centro.

Todos os anos falando entre nos pensamos o mesmo: “Non nos colle todo... Temos que editar mais follas”. Pero, como comprenderedes, nestes tempos que corren temos que axustar moito os presupostos. Aínda así, “Falamus” non é unha memoria do curso senón un elemento mais na vida do centro onde dialogar, compartir, participar... un foro onde certos valores podan facerse visibles non só para os que participan senón tamén para o resto da comunidade educativa e por suposto, para as persoas de fora do centro que queren achegarse dalgún xeito a nos para coñecernos un pouco mais.

Coma sempre non podo esquecer dar as grazas a todas as persoas que dun o doutro xeito colaboran na edición da revista (non digo nomes para non esquecerme de ningún) e de novo e especialmente ao IES

Leixa pola súa axuda na maquetación e edición de “Falamus”.

E, se mo permitides, quereda aproveitar este espazo para dirixirme a vos dun xeito mais persoal. Este curso que está a rematar vai ser o meu derradeiro ano no centro. Deixo a Dirección do “Xan Viaño” e trasládome a outro centro. Penso que foron, por moitos aspectos, os mellores anos da miña vida, tanto persoal coma profesional.

Soamente quero decirvos catro cousas. Darlle as grazas a toda a xente coa que tiveron o pracer de traballar durante estes 13 anos dos cales doce foron dende a dirección, pedir perdón aos que, sempre dun xeito involuntario, fixera algún dano, darlle moitos ánimos aos novos membros do equipo directivo e desexarlles moita sorte, a lo menos tanta coma a que eu tiveron e pedirvos a todos e a todas que aportedes ao conservatorio traballo, colaboración, esforzo, ilusión e amor á música para seguir construíndo un centro cada vez mellor. Unha aperta e ata pronto.

José Manuel Yáñez Carballeira

Director do CMUS “Xan Viaño”

Falamus!: Avda do Mar 4-6, Esquina con Telleiras, Caranza-FERROL

Teléfono: 981 333317-618 619 001

Web: <http://centros.edu.xunta.es/cmusxanviano>

Mail: cmus.xanviano@edu.xunta.es

Edita: Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística do CMUS “Xan Viaño” de Ferrol.

Coordinadora: Iria Rico.

Docentes: Xosé Crisanto Gándara, Rafael Espido, Soraya García, Luis F. Guitián.

Deseño gráfico: IES Leixa

Persoal non docente: Miguel Sarachaga.

Foto contraportada: Laura Formoso.

Agradecementos:

Graciñas a todos os que de un xeito ou outro fixestes posible a edición desta revista.

Moitísimas grazas ao Ciclo superior de Deseño e Producción Editorial do IES Leixa, en concreto a María Salas, por colaborar co deseño desta edición de Falamus.

Falamus non se fai responsábel das opinións dos colaboradores.

Iso e unha das premisas do equipo directivo, o coñecemento do Conservatorio na cidade e na comarca. As colaboracións co Concello e as institucións de cidade e un escaparate fundamental xa que a xente ten que ser consciente que o “Xan Viaño” e patrimonio de Ferrol, un ben que debe aproveitar. E non só falamos da comarca. As numerosas saídas que fixemos por diferentes puntos de España e Portugal coas nosas agrupacións, os intercambios con outros centros de Galicia, os proxectos europeos nos que estamos mergullados, os cursos e concursos que organizamos e as visitas de diferentes profesores fan que o Conservatorio de Ferrol coñezase mais aló das Pías.

EDLG: Cómo ves a identidade do Xan Viaño entre a rede de conservatorios de Galicia.

YÁÑEZ: Non sei si se eu son a persoa mais indicada para responderche a isto. O equipo directivo dende sempre apostou por un “xeito de facer” participativo, solidario, de colaboración, de consenso, activo, resolutivo e sempre buscando xerar un clima de traballo que nos permitise dar o máximo e o mellor de todos para acadar un bo resultado na educación tanto global coma musical dos nosos alumnos. Decidiuse darlle o nome de “Xan Viaño” para que tivese unha identidade propia, da cidade, e que a figura de Xan, un home inqueda, xoven, con un potencial enorme e que acadou un alto nivel coma compositor fose un dos espellos onde mirarnos.

EDLG: Como foi a intensidade dos apoios das institucións ao longo deste período?

YÁÑEZ: A situación ao longo dos anos foi variando moito e agora estamos nun momento difícil coa crise. Pero teño que dicir que dende a Consellería e máis concretamente dende a Dirección Xeral de Ensinanzas Especiais durante estes anos levaron a cabo diversas accións para a mellora dos Conservatorios: actividades de promoción dos estudos de música como concertos didácticos, presentación en feiras do ensino...; creouse un banco de instrumentos destinados a facilitar certos instrumentos nos primeiros anos de estudo... Os presupostos sempre son axustados pero a boa xestión dos mesmos fai posible a mellor optimización dos mesmos.

En canto ao Concello teño que dicir que sempre, ao longo destes anos, tivemos un apoio forte pola súa banda. Mantemos unha relación fluida e colaboramos mutuamente en diferentes actividades. Ademais temos un Convenio de colaboración muy importante para nos.

EDLG: Qué perspectivas hai de relacións entre o novo auditorio e conservatorio e cómo che gustaría que foran.

A construción do novo auditorio a carón do noso centro e unha simbiose perfecta. De feito, nós estamos eiqui porque xa fai anos saíu a noticia na prensa de que “íbase a construír un auditorio en Caranza” e mira como foron as cousas, levamos xa uns cantos anos e todavía o Auditorio non está activo. A relación ten que ser estreita xa que estamos fisicamente unidos. A perspectiva é boa xa que existe un estudo de viabilidade e usos que conta con nós aínda que todavía dende o Concello teñen que perfilar os detalles

EDLG: Podes comentarnos un pouco cáles son os teus proxectos persoais -no eido profesional- de cara ao futuro?

YÁÑEZ: Proxectos moitos pero o futuro é incerto. A nivel profesional, trasladar a tempo completo a miña actividade docente a A Coruña, ben no Superior como levo dende hai tres anos a facer ou no profesional onde teño a miña praza. Como intérprete pois continuando a facer concertos cos meus amigos, as actuacións con a compañía de títeres “Viravolta” de Lalín, proxectos novos e propostas moi interesantes que van xurdindo por aí. E a nivel persoal sobrevivir, que non é pouco ja, ja ...

E por suposto a botar moito de menos este Conservatorio no que disfrutei en tantas ocasións dos bos compañeiros e compañeiras, bos amigas e amigos, uns alumnos fantásticos, uns pais entregados e a colaboración de moitas institucións. E como non... da boa música.

*Non o esqueceréi nunca.
Gracias “Xanvi”*

Desde o EDLG grazas polo que fixeches por este centro

Entrevista

34

Despedimos ao noso “dire” en Falamus!

José Manuel Yáñez Carballeira remata a súa última lexislatura no Cmus Xan Viaño de Ferrol despois de 13 anos no centro.

EDLG: Pechas unha etapa da túa vida. Cómo te atopas ante a inminente despedida do centro?

YÁÑEZ: Pois a verdade é que é unha sensación moi “galega”... por unha banda triste e por outra feliz. O vivido eiquí durante estes 13 anos que levo neste centro foi, senón a mellor, unha das mellores etapas da miña vida e deixo eiquí grandes e bos amigos e compañeiros. E feliz pola nova etapa e os novos retos que teño por diante. E unha decisión meditada e decidida vai tempo e, aínda que difícil, asumida con determinación.

EDLG: Fálanos un pouco sobre a evolución do centro no tempo que levas nel.

YÁÑEZ: No 1997 a Xunta asumiu o Conservatorio de Ferrol. Eu cheguei ao ano seguinte e a evolución e espectacular. A mellora nas instalacións, no equipamento e no persoal é evidente. Lóxicamente a progresión é natural, e dicir, era o que tiña que suceder. Aumentou o número de profesores a medida que se implantaba o novo currículo e as novas especialidades, equipouse progresivamente o centro atendendo ás necesidades para impartir a docencia, etc... A día de hoxe somos 50 profesores, 440 alumnos aproximadamente, temos unhas instalacións axeitadas nas que podemos levar a cabo numerosas actividades para os noso alumnado... Sempre se pode mellorar e eso é o que constantemente buscamos pero as condicións actuais penso que son máis que boas.

EDLG: Cómo ves a evolución do alumnado nestes 13 anos?




J.M. Yáñez Carballeira

YÁÑEZ: Sabemos todos que esta ensinanza ten uns resultados “piramidais” e son os menos os que chegan ao final. Pero tendo en conta isto, as rapazas e rapaces que rematan no centro e continúan os estudos superiores son competitivos xa que presentáronse en diferentes centros por todo o país e os temos espallados por Madrid, Zaragoza, San Sebastián, Barcelona, Granada, A Coruña, Vigo, etc... E os que non continúan os seus estudos de música polo xeral teñen un bo recordo do seu paso polo “Xan Viaño” e son uns grandes afeccionados á música e eso é importante.

EDLG: Cómo crees que é o coñecemento do Xan Viaño na comarca.

EDLG

Sumario



- 2 Editorial
- 4 Xan Viaño
- 6 Música pola paz
- 8 Ilalimuhu... ehee
- 10 O Peque Coro do Xan Viaño
- 12 Somos comenius!
- 14 Viaxe “Comenius” a Inglaterra
- 15 Exquisita escoita en Ourense
- 17 Liberdade, igualdade, fraternidade... e racismo
- 20 As relacións escondidas: a música e o cerebro
- 21 O planeta no Xan Viaño
- 22 Visita aos “mc. 2”
- 23 Tratado de Harmonía de Schönberg en España
- 25 Curso de jazz e música moderna
- 26 A biblioteca Fontenla Leal
- 27 Visita ao colexio ASPANAES
- 28 Suite ensemble
- 30 Cursos do itinerario de interpretación
- 32 Curso de interpretación musical de frauta travesa
- 34 Entrevista ao director

3

Xan Viaño

4

Será este 2010/2011 un curso para lembrar a figura do compositor ferrolán Xoán Viaño, xa que celebramos o 50 aniversario do seu nacemento.

O día 11 do mes de Nadal de 1960, na cidade de Ferrol, ven ao mundo Xoán (Xan) Alfonso Viaño, sendo o menor de tres irmáns. Crece coma calquera neno da súa xeración, estudando e xogando, pero amosando xa dende unha idade temperá o seu gusto polas artes –como se pode observar nos cadros que conservan na súa casa – e en especial pola música.

Os seus primeiros contactos coa música serán a través dun músico da mariña, con quen aprende guitarra, para logo seguir en diferentes conservato-



Xan Viaño de neno na Praza de armas

rios da xeografía galega, esta vez dedicándose ao piano, a harmonía, etc.

Ao rematar o bacharelato, no IES Concepción Arenal da súa cidade natal, decide marchar a Santiago para alí, estudar Xeografía e Historia, carreira que remata na sección de Historia do Arte Moderno e Contemporáneo. Nesta cidade coñece a unha figura clave na súa vida, Maximino Zumalave – un dos directores da Real Filharmonía de Galicia – mestre compostelá que orienta a Xoán á hora de compoñer, revisándolle e estreándolle obras, ademais de ser o seu profesor de piano no Conservatorio de Santiago. Así mesmo Xan cantará e dirixirá o Coro Universitario da universidade de Santiago de Compostela, sucedendo ao propio Zumalave, dirixindo tamén outro importante coro como é o de Cantigas e Agarimos. A súa estancia na cidade do Apóstolo será fundamental para entender o seu devir persoal e, por suposto, profesional, xa que Santiago permítelle a Viaño coñecer moita xente, e implicarse activamente na vida musical da Galicia dos anos 80, unha década onde nacerá a Asociación Galega de Compositores, da cal el será membro moi activo. Ao mesmo tempo, chega a ter contacto con importantes compositores da vangarda española como Tomás Marco, ou con destacados representantes da música electroacústica internacional como Daniel Teruggi.

A súa derradeira etapa está en Vigo, onde Viaño toma posesión da súa praza de profesor de instituto, na especialidade de música, praza conseguida por oposición no ano 1987. Nesta cidade intégrase nos

Lucinio Medel



Luis Medel

lificacións. Así mesmo é galardonado en diversos concursos destacando os primeiros premios da sociedade Bach de Madrid e o Concurso Nacional de Mocidades Musicais.

Membro fundador do Elegy Trio, colabora con diversas formacións camerísticas deste país, tales como, Grupo Manon, Cambra XX e Taima Granada.

Dende 1988 formou parte das Orquestra Filharmónicas de Gran Canaria, Sinfónica de Baleares, Cidade de Granada, Sinfónica de Barcelona, Nacional de Cataluña e Orquestra de Valencia.

Durante a súa traxectoria profesional tocou baixo a dirección de relevantes e prestixiosos directores do panorama musical nacional e internacional. Martín Haselbock, Oleg Gaetani, Josep Pons,



Alumnado e profesorado do curso

Lawrence Foster, Walter Weller, Heinz Wallberg, Yaron Traub dirixíndolle nas súas interpretacións como solista dos concertos de Brandemburgo, W. A. Mozart e J. Ibert coas orquestras Manerata Sa Nostra, Pablo Sarasate de Pamplona, Sinfónica de Barcelona e Nacional de Cataluña e Orquestra de Valencia.

Como docente, desenvolve un amplo labor pedagógico, impartindo cursos por toda a xeografía española, así como nas novas orquestras de Euskadi, Comunidade de Valencia, Cataluña, Murcia e Nacional de España. Foi profesor na escola Superior de Música de Cataluña (ESMUC).

Na actualidade é Frauta Solista da Orquestra de Valencia e profesor no curso de “Experto de Análise e Interpretación Musical”, título propio da Uni-

versidade de Oviedo, organizado en colaboración co Conservatorio “Julián Orbón” de Avilés. Salvador Martínez toca con Frauta Muramatsu de 14 Kilates.

Os alumnos no curso puideron traballar cos profesores tanto de maneira individual como colectiva, traballándose aspectos técnicos do instrumento e que terán como obxectivo preparar ao alumno para as clases individuais, así coma orientalo para un axeitado plan de estudo diario da técnica do instrumento. Nas clases de cámara, ademais dos dúos, tríos, cuartetos, etc., tamén se traballou repertorio orquestral, profundizando tanto nos extractos solistas como de sección.

Por suposto o resultado do curso foi moi bon e queremos agradecer a todos a súa asistencia e



Anna Fazekas

colaboración no curso, xa que de non ser polos alumnos e os pais, este curso non se podería levar a cabo. Ah! e por suposto hay fotos! pero hai xente que faltou ese día..., no próximo curso esperamos ter fotos de todos!!

E darlle a especial noraboa a dúas alumnas de Frauta que este ano quedaron seleccionadas para tocar no Concurso de Solistas que se celebra todo-los anos e que se chaman: **Estefanía Bustabad e Carla Fernández**. Noraboa e disfrutade do voso concerto!!

Grazas e bo verán a todos!!!

Curso organizado por Soraya García Riveiros: Profesora de Frauta Travesa e do Itinerario de Interpretación no CMUS Xan Viaño.

33

Curso de interpretación musical de frauta travesa

Como todo os anos e formando parte dos moitos cursos que se celebran no CMUS Xan Viaño, un ano máis organizouse o Curso de Interpretación Musical de Frauta Travesa, levado a cabo os días 6, 7 e 8 de Maio polos profesores Anna Fazekas e Salvador Martínez.



Durante o curso

Anna Fazekas nace en Hungría na cidade de Vác, lugar onde inicia os seus estudos musicais. Obtivo o título Superior de Frauta e Música de Cámara na Universidade Liszt de Budapest cos profesores István Barth e Henrik Pröhle. Ampliou os seus estudos de postgraduado en Londres (Guildhall School of Music and Drama) cos profesores: Paul Edmund Davies, Philippa Davies, Sarah Newbold e David Chapman. Realizou cursos orquestrais na Academia da Orquestra Haydn (Ferrara, Italia) cos profesores: J. Silverstein, Marco Postingel e na Academia de Gustav Mahler Jugendorchester (Bolzano, Italia) cos profesores: Dominik Wollenweber e Alfred Prinz. Recibiu, ademais, os consellos de: Sam Coles, Ken Smith, Paula Robison, Jaime Martín, Jacques Zoon, András Adorjan,

Aurel Nicolet, Karl Karl-Heinz Zoller, Michelle Bellavance, etc. Foi membro de orquestras novas internacionais como a Gustav Mahler Jugendorchester e a Verbier Festival Youth Orchestre, Suíza, onde tivo o privilexio de traballar con directores da talla de: Claudio Abbado, Pierre Boulez, James Levine, Zubin Metha, Daniele Gatti, Kent Nagano, Wolfgang Sawallisch, etc. No campo profesional colabora con orquestras como: Festival de Budapest dirixida por Iván Fischer, de Cámara Franz Liszt, Sinfónica Odense (Dinamarca), Cámara Alemana (Bremen), Cidade de Granada, Sinfónica de Gran Canaria, etc. Durante a tempada 2008/2009 traballou coa orquestra da Comunitat Valenciana (L. Maazel, Z. Mehta). Anteriormente foi frautista principal asistente da Orquestra Sinfónica de Galicia (2003/2006) ata conseguir a súa posición actual como profesora da Orquestra de Valencia

Salvador Martínez Tos nado en Manises (Valencia) en 1968, inicia os estudos na súa cidade natal, continuandoos no Conservatorio Superior de Música de Valencia, onde obtén “Premio de Honra Fin de Carreira”. Posteriormente recibe consellos de profesores como A. Marion, R. Giot e B. Kuijken. Amplia os seus estudos de frauta no Róterdam “Conservatorium” de Holanda con Jacques Zoon, onde obtén o “UM Diploma” (Diploma Solista) coas máximas cua-

Soraya García



Soraya García



Salvador Martínez Tos

movimentos musicais do momento, estrea obras, da conferencias, etc.

Como compositor abarcou moitos xéneros, escribindo obras para coro, para voz e piano, para instrumento solista, para grupos instrumentais, orquestra e orquestra con coro. De entre o seu corpus compositivo podemos destacar as seguintes obras :

Coro e agrupación instrumental: *Preludio Postludio Cabalum* seleccionada para o ciclo Jóvenes Compositores da Fundación Juan March de Madrid.

Agrupación instrumental: In memoria G.C., obra encargada polo músico Tomás Marco para o III Festival de Música Contemporánea de Alacante.


Aparte da súa faceta compositiva tamén ten un apartado de investigador, traballando sobre figuras da vida cultural galega, así como un catálogo de órganos eclesiásticos da provincia da Coruña.

Viaño viaxou por España e Europa adquirindo experiencias e coñecementos musicais coa idea de seguir compoñendo, pero desgraciadamente morre en 1991 cando aínda non cumprira 31 anos deixando moitas obras por rematar e novas ideas para seguir no seu camiño como compositor.

Qué sería de Xoán Viaño como compositor se estivese entre nós?, nunca o poderemos saber. Agora o único que podemos facer, é lem-

bralo, conservar o seu legado, tocar a súa música, amosalo ao público e volver a ler as críticas tan favorables que del se facían nos xornais cando se estreaban e tocaban as súas composicións.

É labor do conservatorio que leva o seu nome, e de toda a súa comunidade – profesores e alumnos – seguir lembrando a súa figura, e dalo a coñecer á sociedade, facendo que o seu traballo saia do armario onde permanece gardado baixo chave.



Xan Viaño nas praias de Ferrol

Coro: *Vinea mea electa* ou *Nocturnalia I*.

Instrumento solista: *Visións serias* para piano, ou *Metamorfosis* para órgano –obra coa que gañou o Concurso Nacional de Órgano Cristóbal Halffter

Orquestra: *Le nuit froide et sombre* para coro e orquestra, ou *Nubens brancas*, esta última unhas das máis coñecidas e tocadas de Viaño –ambas revisadas e estreadas por Zumalave coa Real Filharmonía de Galicia –.

Música pola paz

6

“Moita xente pequena, en lugares pequenos, facendo cousas pequenas, pode cambiar o mundo”. Con esta frase do escritor uruguaio Eduardo Galeano inauguramos o día 31 de Xaneiro a xornada “Música pola Paz”, con motivo da conmemoración do Día escolar da paz e non violencia.

Organizamos unha tarde completa de música, de poesía..., pois entendemos a música como unha linguaxe de expresión e denuncia de inxedanzas, sempre fortemente ligada á paz. Facendo música aprendemos a escoitar, a dialogar, a compartir, a respectar ao outro, sendo un motivo de unión entre as persoas, as culturas, os pobos... sendo un motivo de paz.

Cando comezamos a preparar o acto, que- que fora algo especial, a idea de organizar solidario para recadar para algunha ONG. A iniciativa foi tan ben cibida, que pron- comezaron a che- numerosas propostas de xente interesada en colaborar. Quería- mos que todo o mundo puidese participar, dende os novos alumnos de 1º de grao elemental ata o s veteranos dos últimos cursos, profesores, ANPA, equipo directivo, persoal non docente... cantos máis unidos, mellor. Quedou o concerto finalmente estruturado en tres partes, comezando ás 17:00 h e rematando cerca das 22:00 h.

Baixo o lema “Nos poñemos a música... Actúa con nós”, un gran mural con mensaxes de paz, decora-

do polos alumnos do centro presidía o escenario, e na entrada do auditorio, rodeada de pombas e pegatinas co logo do conservatorio, unha urna recollía os donativos voluntarios dos asistentes. Pasaron polo escenario durante a tarde máis de 150 persoas, e nas butacas un número considerable de público se achegou a celebrar con nós este día, chegando incluso nalgúns intres, a estar completo o aforo, abrindo as portas da sala para que ninguén quedase fora.

No recital das 17:00 horas, actuaron as fagotistas Keila Filgueira, Sara Tenreiro e Alba Barreiro, os pianistas Sofía Molares, Christian Pena e Carlos J. Fernández, o percusionista Andrés Ramil e o guitarrista Cibrán Tenreiro, eles novas promesas do grado elemental. O grado profesional representado por Serafín Santamaría (acordeón), Iria Quintía (guitarra), Sabela Cascón (lín), o dúo de Sabela Hughes Alba Guerrero (violín-piano) o formado por Gabriel Alonso e David Sanmartín (saxo-piano). O broche final desta parte puxérono Brenda Anidos, Rita Lázare, André Muñiz, Iria Rico, Andrés Santalla e Martín Varela, nun intenso recitado de poesía cunha abraiante escenografía, regalando uns compases de reflexión ao público presente.

A segunda parte, que comezou pasadas as 18:30 h e coas portas abertas ao quedar pequeno o auditorio, abriuna o Grupo de Educación Auditiva e Vocal de 1º GE xunto ca colaboración instrumental de alumnos de 6º GP, dirixidos todos pola súa

Alma Cendán



Ausencia ou mínimo esforzo consciente para soste- ter este alongamento.

O relacionarnos có noso propio peso ou outros alleos á columna queda libre da maior tensión e presión, a cal ha de dirixirse ó centro da gravidade e de aí ao chan.

Cando a presión e o peso é maior do que pode aguantar- a integridade de todo o anterior requíre unha adaptación ao estímulo, unha reorganización para que se manteñan os factores anteriores.

No segundo curso foi Superar- lo medo escénico e foi moi grato para min recoñecer alumnos que realizaron o primeiro curso.

O medo escénico está directamente relacionado cun erro na educación da conciencia afectiva que leva a unha desvalorización constante e a una búsqueda da aceptación nos demais.

O antídoto, obviamente, consiste en que a persoa desenvolva de forma positiva e realista a súa conciencia afectiva, quedando libre para compartir o seu mapa do mundo cos demais de igual a igual.

En resumen, o proceso é o seguinte:

- Recuperalo control da nosa atención consciente.
- Enfocar esta atención no nivel de conciencia adecuado.

- Soster e alimentar este nivel de conciencia respondendo a os estímulos dende aí, e fomentando un diálogo interno e externo positivo.

Para que todo o proceso sexa realmente positivo existe un consello maxistral na educación propia ou allea; nunca condiciona-lo afecto, a aceptación e a seguridade a os resultados obtidos, pois estes dependen do desenvolvemento de unha capacidade mentres que os outros aspectos están relacionados co valor persoal, e a autoestima.

De forma práctica, canto maior é a autoestima, maior é a posibilidade de desenvolve-las capacidades.

Antonio Busom: profesor de Wing Tsun ChiKung, Kinesiólogo e Master en Programación Neurolingüística, también ten formación en Neuro-training, Técnica Alexander e o Método Feldenkrais

Centro Dharma
C/ Cuntis 44 bajo 15403 Ferrol, A Coruña
Telf.: 981. 323. 390

Cursos organizados por Soraya García Riveiros: Profesora de Frauta Travesa e Profesora do Itinerario de Interpretación no CMUS Xan Viaño.

31

Cursos do itinerario de interpretación

30

Antonio Busom

Cando me ofreceron a posibilidade de dar os cursos no Conservatorio non esperaba atoparme con xente tan nova. Foi sorprendente a receptividade dos alumnos en ambos cursos, xa que na xente nova dase unha menor intensidade de normas ríxidas e limitantes sobre a vida, do que é posible e do que non, estas son máis características dunha persoa de maior idade na nosa cultura.

O primeiro curso foi reeducación da postura e do movemento, un enfoque baseado en métodos moi antigos como o Chikung chino e o Yoga indio, outros un pouco máis contemporáneos como o sistema tradicional ruso Kettlebell, a Técnica Alexander e o Método Feldenkrais. Tamén metodoloxías máis recentes como a Kinesiología e o Neurotraining.

A idea fundamental do curso é que o corpo humano é un conduto de forzas, de nós xorden forzas que van cara o exterior (movemento centrífugo) e dende o exterior forzas que van cara nos (movemento centrípeto), de unha organización interior ecolóxica de estas forzas depende unha boa postura, e non de chegar a forzarnos e parecernos a unha “postura ideal” que na práctica só se pode ver nos libros de anatomía.

A boa postura ecolóxica pode ser recoñecida polos seguintes factores:

Sensación de alargamento de toda a columna vertebral.



profesora Begoña Álvarez, unindo musicalmente así, os alumnos máis pequenos do centro cos maiores de 6º GP que rematan este ano no conservatorio. Puidemos escoitar a continuación aos percusionistas Ana Piñón e Adrián Porta, e a pianista Inés Bouza. Chegou a despois a actuación de “O Pequeno Coro do Xan Viaño” formado por alumnos de grado elemental e dirixido pola súa profesora Catuxa Pita. Este prometedor coro de nenos, escolleu este día da Paz para o seu debut, resultando, ademais dun bonito xesto pola paz, un privilexio para todos nós asistir á súa primeira actuación.

Escoitamos logo ás alumnas de grado profesional, Carolina Herrera (piano), Cristina Prado (guitarra) e o dúo de violoncello-piano formado por Andrea Trillo e Iria Folgado. Mónica Silva, profesora de viola, recitou o poema “Quero cantar en silencio” escrito por ela mesma expresamente para este día, preparándonos para a esperada actuación do Coro de Grado Profesional, con Carla Fernández como solista e Iago González ao piano, emocionando profundamente ao público asistente.

A derradeira parte, abriuna Cristina Otero, cun vídeo musical de Ismael Serrano acerca dos nenos refuxiados de Gaza, facendo unha reflexión sobre a necesidade da paz no mundo. Puidemos escoitar á acordeonista Tamara Santamariña, ao dúo de clarinetes de Cristina Otero e Laura García, e ao composto por Uxía Oña e Iago González (viola-piano), destacando tamén a actuación dos profesores Pablo Ponga e Teresa Castrillón (violoncello-piano). Esta parte caracterizouse pola presenza de agrupacións camerísticas máis grandes, tendo a sorte de escoitar á orquestra de 4º, 5º e 6º de GP formada por Sabela Cascón (violín), Uxía Oña (viola), Ma-

ría Fernández (viola), Saúl García (viola), Sabela Rivas (cello) e os profesores Enrique Agrelo (violín), Jose A. Folgueiras (violín) e Pablo Ponga (cello), e a dous cuartetos de vento formados por Darío García (flauta), Xael López (clarinete), Daniel López (óboe) e Iago González (fagot), e por Pablo García (corno Inglés), Iago González (fagot), Marta Sánchez (óboe) e Iria Folgado (óboe). Teras unhas palabras de agradecemento por parte do presidente de Unicef-Ferrol, Rafael Aneiros, entraron os amplificadores, micros e guitarras eléctricas, xa que despois de máis de 4 horas de música clásica, chegaba o Taller de Música Moderna. O profesor Crisanto Gándara e os rapaces de 6º de GP, Fanny Bustabad (voz), Brianda García (saxo e coros), Esther Zamora (saxo e coros), Tamara Santamariña (acordeón), Pablo G. Aramburu (baixo) e Iago González (batería), convertéronse unha vez máis nos donos do escenario, facéndonos gozar de boa música, chea de ritmo e enerxía, levantando ao público das súas butacas. Foi o punto final dunha xornada de moito éxito, tanto musical, polo ben que o fixeron todos no escenario, como solidario. Ao longo da tarde, recadamos 462,53 €, cantidade que foi integramente doada a UNICEF, axencia das Nacións Unidas que loita para que se cumpran os dereitos dos nenos de todo o mundo, donativo co que humildemente axudamos a facer realidade o seu traballo en prol da infancia. Pero independentemente da cantidade recadada, este concerto solidario, supuxo para todos nós, unha motivación extra, un recoñecemento ao traballo e ao esforzo diario dos nosos alumnos, unha lección de solidariedade e convivencia.

Dende Dinamización da Convivencia, grazas a todos.

7

Ialimunhu...ehee

8

Ialimunhu (érase unha vez ...) un home chamado Polo.

Polo é un pianista e compositor que decide un día marchar a coñecer a música africana e durante varios anos vive cos wagogo de Tanzania. Despois de moito camiñar polo mundo adiante, despois de moito cantar, tocar e bailar polo mundo adiante... chega a Ferrol para ensinar o marabilloso mundo da música infantil africana os nenos e nenas do conservatorio Xan Viaño.

E comeza a desprezar toda a súa maxia.

- Uleme, uleme nikutole nene...canta suavemente, como si estivese adormecendo ós rapaces e rapazas, mentres se acompaña dunha ilimba.

Inmediatamente despois, os rapaces xa enfeitizados comezan a cantar respondendo ás indicacións de Polo.

- Uleme, uleme nikutole nene...Nikugulilé...
- Khanga...
- Sanduku...
- Imeme...

E todos xuntos continúan co Elelelé mentres escoitan as súas mans batendo pulsos como os nenos wagogo.

Pero como Polo viaxou tanto, transporta ós rapaces e rapazas por distintos países e retrocedan no tempo a distintas épocas...ata fai que bailen con elegancia unha pavana.

Ós mais pequenos e pequenas dilles:

- Ialimunhu...

E como se fosen nenos e nenas wagogo, asinten:

- Ehee....

Polo leva consigo unha caixa máxica chea de grandes tesouros: imaxes que perdurarán entre todos os que alí estan. Ós mais pequenos e pequenas ríen con inocencia vendo como en Tanzania ata as cabras tocan os xilófonos!



Polo Vallejo

As fascinantes historias de Polo, como o conto de Mbudi mbudi na mhanga (O morcego e o porquiño formigueiro) ou a historia de Nhyanguya (o neno que non deixaba de chorar), entremézclanse co canto e a danza. De súpeto o silencio reina no auditorio para escoitar o canto dos nenos wagogo que Polo fai sair da súa caixa máxica.

O engado de Polo non afecta soamente ós pequenos e pequenas, nin ós mozos e mozas...tamén ás maiores, as matriarcas das tribus, que abren os ollos para ver todo o que está a suceder.

Polo quere que as maiores, a través da música, viaxen por distintas terras: e así elas cantan

Catuxa Pita.

En 2005 publicou o disco Possibilities , no que se aproxima tamén á música de baile. Outro Standard é o de Take Five do compositor Paul DESMOND, saxofonista (alto) estadounidense de Jazz, figura representativa da corrente principal de Jazz e do Cool (estilo comercial), especializado en Baladas e na Improvisación. A súa principal influencia foi Lester Young.

E para rematar có repertorio, como a voz é un instrumento moi privilexiado o cal podemos empregar, o Suite Ensemble tamén toca e canta dous temas moi coñecidos: Agua de beber e a Garota de Ipanema de Carlos JOBIM, dous temas brasileiros. No primeiro emprega o dialecto carioca de Río

considerado como un dos grandes compositores da música popular do século XX.

Suite Ensemble está composta polos seguintes integrantes:

Soraya García: Frauta Travesa, Frauta en Sol, Frauta Baixa e Voz.

Antonio López “Castillo”: Double Bass

Manolo Pérez: Drums

Andrés Pazos Bellón: Piano.

O Grupo quere agradecer o ELDG pola difusión deste artigo, ó ANPA polo concerto que nos dou a oportunidade de brillar no CMUS Xan Viaño, ó Concello de Ferrol e o Ciclo de Novas Noites que



de Janeiro, por iso non se pronuncia o “r” da palabra “beber”; como dato curioso. Carlos JOBIM foi un compositor, cantante, guitarrista e pianista brasileiro de Bossa Nova. Está considerado como un dos grandes expoñentes da música brasileira, internacionaliza a Bossa Nova e, coa axuda de importantes artistas estadounidenses, fusiona a Bossa có Jazz para crear nos anos sesenta un novo son cuxo éxito popular foi moi destacable. Jobim está

tamén nos acolleu para amosa-lo noso traballo e sobre todo a esa xente que se queda a escoitar os concertos marabillada e que se interesa pola nosa difusión e crecemento. En breve, temos proxectada a gravación dun disco onde incluiremos dúas Suites de Claude Bolling: a suite Nº 1 e a Suite Nº 2 e algunha cousiña máis...

Grazas a tod@s e bo verán!!!

29

A actitude por parte dos intérpretes foi moi boa, mostrándose moi amables cos alumnos do centro.

Despois ensináronlles o colexio e o modo de traballar alí. Un rapaz mostroulles a súa brillante memoria ao saberse os días do calendario de calquera ano sen necesidade de mirar.

Ao final da visita obsequiaron ás concertistas cunha caixa de bombóns para cada unha e á profesora déronlle unas flores. Foi unha gran experiencia para todos os participantes.

Rita Crespo (Frauta) Verónica Gomollón (Arpa).



Alumna de arpa na actuación en ASPANAES

Suite ensemble

Soraya García

Esta agrupación formada na súa maioría por profesores, nace da fusión duns amigos que pretenden pasar un bo rato xogando coa música, en concreto mesturando o estilo Clásico e o Jazz.

Un día atoparon unha obra que lles chamou a atención e que lles fascinou precisamente por esta mestura de estilos, e pola formación para a que estaba composta: Suite para Frauta e trío de Jazz con Piano, e dicir, con Batería, Contrabaixo e Piano. O compositor chámase Claude BOLLING e escribiu obras para moitas formacións mesturando diversos estilos dun xeito único, moi orixinal e inigualable. Á hora de tocar esta música, séntese moito “feeling” entre os músicos e tamén o público percibe esa sensación, que unhas veces incita a tomarse un refrixerio, e outras da a impresión de estares escoitando música de J. S. BACH ou de estar en pleno Clasicismo.

Intentando facer este intre de música máis ameno, ocorréuselles a Suite Ensemble mesturar obras

para Frauta e Piano doutro compositor tamén coñecido, chamado Christopher NORTON que tamén escribe para Jazz pero máis ben orientado ó estudo, polo tanto obras que calquera alumno deste conservatorio pode interpretar e que ten ó seu dispor na Biblioteca do centro. O Ensemble quixo percorrer máis camiño co Jazz e tamén inclúen no seu repertorio os “clásicos” Standards: Cantaloupe Island do compositor Herbie HANCOCK, pianista, teclista e compositor estadounidense de Jazz, Standar que 32 anos despois da súa creación tivo gran éxito popular cando o grupo de Hip Hop británico US3 a sampleou. Este compositor, tocou practicamente todos os estilos jazzísticos nados logo do Bebop: Hard Bop, Fusion Jazz, Jazz Electrónico, etc, menos o Free Jazz.

como mulleres africanas, bailan como mulleres rumanas...e coma membros da mesma tribu, invítaas a que se mimen entre elas con aloumiños.

O intre máis fascinante está a piques de chegar. Polo reúne a tódolos nenos e nenas, mozos e mozas, ós seus pais e nais e ás mulleres das distintas tribus e xoga coa súa imaxinación. A maxia de Polo enchía tódolos recunchos do auditorio. E coa modesta ilimba e o seu canto susurrado todos e todas ali presentes fican engaiolados.

- Nhyanguaya hoye hoye

-Oh Nhyanguaya

Contemplamos os uns ós outros cos oídos abertos e con ollos repletos de admiración, dende os máis pequenos e pequenas vendo ás maiores cantando e bailando como se fosen campesiñas xeorxianas, ata as maiores co peito cheo de orgullo ante a entrega dos pequenos e mozos que fan súas as melodías dos wago.

Así, coa xanela do corazón aberta, compartimos colectivamente, como unha gran tribu, distintas tradicións. Tradicións orais que, a través da memoria colectiva, transmitíronse entre distintas xeracións. Polo sabe o que ali acontece: só tiña que abrir a caixa...non a caixa de Pandora, senón a caixa das emocións.

Polo tiña que marchar tan velozmente de Ferrol, como chegou. Na memoria de todos, non só na memoria musical, senón na memoria das sensacións ficará o universo musical dos wago.

Así, toda a nova tribu despídese de Polo:

- Asante, Polo, asante.
Polo Vallejo

- Grazas, Polo, grazas.

Sen dúbida, o engado de Polo voltará ata estas terras.

Nota de prensa

Unha nova promesa da música en Caranza



O Peque Coro do Xan Viaño

Catuxa Pita

Antonio, Carmen, David, Javier C., Carlos, Aida, Martín, Naira. Javi D., Uxía, Sofía, Inés, Ana, Juan, Pablo, Rubén, Clara, Xosé Manuel, Lucía, Laura, Lucas, Adrián, Marta, Martín, Alicia, Iria... xunto con Fiana, Nevía, María, Jennifer e Candela son @s protagonistas das seguintes liñas.



Nestes nen@s de 2º de Grao Elemental, xunto coa que escribe, existía a necesidade de cantar máis do que nos permitía o tempo de cada clase de Linguaxe Musical. Querían cantar máis... Da semente prantada semella que brota unha árbore...

O sábado 20 de Novembro de 2010 ás 12:30 da mañá comezaba este ilusionante proxecto. Unha ilusión que foi medrando igual que unha cereixeira, o coro medrou ata os 31 nen@s que a día de hoxe forman O Peque Coro. Uns van e outros veñen...

A nosa primeira actuación foi na conmemoración do Día da Paz, organizada por Alma, profesora de piano. Para esa estrea: Cazando pombas, unha

obra de Jesús Guridi da que adaptamos o seu texto para este día singular. E rematábamos cun tema máis alegre, O sol brila grande. Foi unha gran experiencia da que todos disfrutamos e aprendimos. A entrega do público foi unha motivación inmensa para todo O Peque Coro.

A cereixeira segue e segue a medrar...Luz, profesora de canto, propuxo que cantásemos xunto co coro de Grao Profesional algúns temas de Ennio Morricone da B.S.O. da película A Misión. "Cantar cos maiores! Co ben que cantan!".

Unha gran inxeción de entusiasmo para estes pequen@s que en cada ensaio semellaban grandes profesionais: a súa actitude é insuperable.

Biblioteca José Fontenla Leal do Conservatorio (<http://bibliotecajosefontenlaleal.blogspot.com>), ca finalidade e a esperanza da participación de toda a comunidade educativa no mesmo para amosar as diferentes actividades que se realizan no Conservatorio como a publicación de concertos, promoción de presentación de libros, publicación de artigos e/ou traballos, anuncios de concertos e/ou eventos, etc. Espero as vosas aportacións. Ademais, finalizaremos o curso cun Ciclo de Cine que comezará o 23 de Maio (salvo cambio de data por causas alleas a nosa vontade) cunha temática que teña que ver ca Música, con películas (aínda por determinar) como "El violín rojo", "El pianista", "El concierto", "Todas las mañanas del mundo", etc., e que esperamos que teña continuidade no vindeiro curso.

Xa pasaron bastantes anos desde a súa inauguración e é de xustiza recoñecer o traballo feito por todos os profesores que traballaron e seguen traballando nela e que fan da Biblioteca un recurso tan importante para a comunidade docente do Conservatorio Profesional de Música "Xan Viaño". Tamén debemos agradecer o Equipo Directivo, quen apoiou a esta entidade a través da súa colaboración económica e organizativa. Por último debemos agradecer, de xeito específico, o traballo realizado en anos anteriores polos coordinadores que estiveron a cargo dela: María José Carralero (profesora de Arpa, que segue a traballar no noso Centro) e Iván Abal (profesor de Gaita, que está destinado no Conservatorio Profesional de Música de Ourense).

Moitas grazas.

Visita ao Colexio ASPANAES

Rita Crespo e Verónica Gomollón

O día 22 de Febreiro de 2011, as alumnas de arpa e unha de frauta foron visitar o colexio San Pedro de Leixa que forma parte da Asociación ASPANAES.

ASPANAES é unha asociación adicada á prestación de servizos a persoas con trastornos do espectro autista en programas de actuación en centros de educación especial. Ao San Pedro de Leixa acuden nenos de diferentes idades con este síndrome.

As alumnas do Conservatorio Xan Viaño deron un concertó, aberto pola profesora de arpa, cun repertorio no que se incluían cancións das bandas sonoras dalgunhas das películas de Disney, tales como "A Bela e a Besta", "A Sereíña", "Piratas do Caribe", "Aladdin"...outra das rapazas deleitou ao público coa Nana de Bella.



María José Carralero con un alumno de ASPANAES

A Biblioteca Fontenla Leal

Enrique Agrelo

26

No número 0 de Xuño de 2008 da Revista Falamus, falábase da nosa Biblioteca; naquela época, estaba en fase de construción e crecemento, e comezábase coa catalogación dos fondos bibliográficos por medio do programa MEIGA (aportado pola Xunta de Galicia). Tamén, levouse a cabo a diferente ordeación das estanterías, grazas ás directrices dos diversos coordinadores (en constante colaboración con outros bibliotecari@s).

A Biblioteca pasou de contar cuns cantos exemplares, e de ser un elemento pouco máis que “decorativo”, a ser parte moi importante dentro do proceso de ensino-aprendizaxe do noso Centro. A Biblioteca xurdiu, entre outros motivos, como un recurso no que os profesores poderían apoiarse e recurrir. Isto levouse a cabo a través dos diferentes fondos bibliográficos, aportados pola adquisición directa por parte do Conservatorio e a doazón desinteresada de particulares (moitas deles profesores do noso Centro) e entidades públicas e privadas (Biblioteca de ESMUC, Biblioteca Nacional...).

Nestes anos o crecemento do Conservatorio está relacionado de xeito paralelo ao da Biblioteca; o

crecemento do número de alumnos e profesores fixo que a Biblioteca tamén tivera a necesidade de medrar en tódolos sentidos, tanto en número de fondos, como a nivel “espacial”. Iste incremento puidose apreciar despois da remodelación que se levou a cabo da Biblioteca cando esta “absorbeu” a Aula de Informática e fixo que se trasladase a outra dependencia do Conservatorio, ademais do aumento no número de vitrinas e estanterías, a creación do carné da Biblioteca, o aumento de número de horas de apertura da Biblioteca, etc.

O futuro da Biblioteca pasa por unha maior utilización das novas tecnoloxías e tratar de convertela nun centro máis de actividade cultural dentro do Conservatorio. Tamén ten que servir de proxección e de imaxe do mesmo; deste xeito a Biblioteca, e tratando de promover todo tipo de actividades culturais, puxo a disposición dos alumnos os seus ordenadores, onde poderán consultar o blog do Programa Europeo Comenius. Nun par de semanas, presentarase (os Xefes de Departamento xa teñen coñecemento da súa existencia. Agardo a colaboración de todos eles e do resto de profesor@s, como así o demostrou algún profesor) o blog da



Para todos foi unha experiencia alucinante; e inmensamente gratificante foi a noraboa de Luz para el@s.

A cereixeira comeza a frorecer, e coa primavera xurdían fermosas ideas. Participamos no Maratón do Piano Clásico, organizado por Alexandra, Loreto, Alma e Lidia; todas elas, profesoras de piano. En escea, un salón aristocrático de finais do XVIII; grandes vestidos, perrucas, camisas con chorreras....

O noso repertorio eran adaptacións de lieder de Haydn e Beethoven e o coro dos Escravos da Frauta Máxica: efecto máxico causouno o tema do carrillón de Papageno tocada por campás afinadas. Neste concerto, implicouse toda a comunidade educativa. A ANPA axudaba na vestimenta e peiteados...

Quedan futuros concertos para este curso como a celebración do Día das Letras Galegas e outras sorpresas máis.... Esperemos que o Peque Coro manteña viva esa ilusión coa que cada sábado @s pequecoristas esforzándose por ofrecer o mellor de cada un deles..., coa que cada sábado compartimos o disfrute do canto..., coa que descubrimos novas posibilidades de expresarnos coa nosa voz,...coa que espertamos a novas músicas..., e coa gran ilusión da que adica unhas liñas a tódol@s pequecoristas.

En tódolos ensaios hai momentos irrepetibles... aínda que o meu preferido é, unha vez rematado o ensaio, na soidade da aula, coa fiestra aberta, escoitar ós pequecoristas como cantan ás súas nais e ós seus pais a melodía aprendida no ensaio. Nese intre, a melodía xá é súa.

Sen dúbida, a nosa cereixeira daranos boas froitas.



11

Somos Comenius!

Ermitas García

Jan Amos Komenský (1592-1670), en latín **Comenius**, foi un teólogo, filósofo e pedagogo nacido na actual República Checa. Foi un home cosmopolita e universal que viaxou por toda Europa sendo convidado por reis e gobernadores. Convencido do importante papel da educación no desenvolvemento das persoas, deu moita importancia ao estudo das linguas e estableceu os principios fundamentais da Pedagogía como ciencia. A súa alta preparación e constancia na labor de educar valéronlle o título de “Mestre de Nacións”.

de Härkävehmas (Hyvinkää, **Finlandia**), College Joliot Curie (París, **Francia**), Darwen Aldridge Community Academy (Blackburn, Manchester, **UK**), Abbey Park Middle School (Abbey Road, Pershore, UK) e a escola da primeira coordinadora do proxecto, que desafortunadamente non recibiu axuda económica para as mobilidades (viaxes), pero que continúa a participar nas actividades online: Agrupamento Vertical Escolas Oeste da Colina- Escola E. B. 2, 3 Frei Caetano Brandão (Braga, **Portugal**).



Cartel Feito por Pablo Ponga para o proxecto

Neste curso 2010-2011 o Conservatorio Profesional de Música “Xan Viaño” está inmerso nunha **asociación multilateral** Comenius. Estas asociacións bienais teñen como obxectivos reforzar a dimensión europea da educación, promovendo actividades de cooperación entre centros educativos en Europa. Os centros cos que estamos asociados son: Escola

Os proxectos ofrecen ao alumnado e ao profesorado dos diferentes países a oportunidade de traballar xuntos nun ou máis campos temáticos de interese mutuo. O proxecto que estamos a desenvolver foi titulado **Ars Europa** e como o seu nome indica foi pensado para convidarnos a aprender sobre as artes dos países participantes. Como somos o único

Salazar califica tamén ao atonalismo e ao dodecafonismo coma os aspectos máis novos do século XX. Esta evolución positiva da incursión en España, e sobre todo en Cataluña, das obras do autor vienés verase freada polo estalido da Guerra civil. A importante censura da música europea impediu a continuidade de afianzar a recepción da música da Segunda Escola Vienesa, pero polo menos quedou aberto o camiño para a súa posterior aparición nos anos sesenta, coincidindo coa neovanguardia musical española.

Sería finalmente a finais dos anos 70, cando o Tratado de Harmonía sería traducido ao castelán por Ramón Barce. A partir dese momento o coñecemento do autor vienés pasaría a forma parte das novas xeneracións de músicos españois interesados na vangarda, e o texto representaría nos anos 80 case que unha declaración de principios nas institucións educativas musicais españolas. Deste xeito, o legado pedagóxico de Schönberg crearía raíces para sempre no noso país.

Curso de Jazz e música moderna

Soraya García

Penso que xa era hora de que alguén tivese a iniciativa de facer un interesante curso de Jazz e música moderna en Ferrol.

O que non me imaxinaba era que ese alguén sería un profesor do propio Conservatorio, o cal indica que algo muy importante esta a suceder.



Manolo Drums, profesor de percusión do SP de Jazz e Música Moderna.

O sistema basase no análise, armónico e rítmico de temas de distintos estilos (Jazz, Blues, Funk, Bossa, Latin, etc...) có obxecto de interpreta-los con creatividade, capacidade de improvisación e técnica suficientes.

Actualmente hay tres pianistas, tres guitarristas, tres percusionistas, dous saxos, unha trompeta, un

trombón, dous clarinetes, dous violins, un frautista, dous baixistas y tres cantantes.

Os alumnos traballan todos xuntos.

Durante a primeira hora e cuarto estúdase a armonía e diferentes formas de improvisación sobre o tema que se está a preparar.

Faise un descanso de 15 minutos, e a última hora e media adícase a ensaiar e preparar dito tema, entre todos. (Estructuras, arranxos e improvisación)

É evidente que o alumno que proba, queda automaticamente, enganchado e volve a repetir-la experiencia.

As clases son moi distendidas, agradables e divertidas (ninguén sabe tocar Jazz) Todos están para aprender sin prexucios nin trabas.

É unha especie de enorme big band, na que hay cabida para todo tipo de instrumentista e cantante que sinta inquietude e paixón pola música.

Grazas Andrés

Neste mesmo ano Falla mostrará o seu respecto cara a obra de Schönberg, mais considerará a atonalidade coma un grave erro por parte do autor. Tamén en 1915, A. Eaglefield Hull escribirá unha serie de artigos na *Revista Musical Hispanoamericana* que serán a fonte de documentación sobre Schönberg máis importante en España naquela época. Hull intúe nos artigos a aparición do dodecafónico a partir do cromatismo gradual que se da a poucos dende Strauss.

En 1920 intensifícase a recepción da obra do autor austríaco, que arraiga na Xeración de 27. As primeiras mostras das técnicas Schönbergianas aparecerán en 1922 en obras de Falla (*Concerto de clave*) e Rodolfo Halffter (*Natureza Morta*), que coñecían os métodos a través das partituras de *Pierrot*. Halffter define a súa obra como “moi cromática e, dende logo, atonal” e é o primeiro español atraído polo atonalismo e terá contacto co tratado de harmonía. Tamén Fernando Remacha –que coñecía a obra de Schönberg dende 1917– en 1922 compón *Alba*, unha obra coa tonalidade ampliada propia do posromanticismo. Roberto Gerhard é o español que mellor asimilou as tendencias vangardistas alemás, e compón en 1922 *Apuntes para piano* e *Sete Haiku* para soprano e conxunto instrumental.

Estas pezas achéganse ao atonalismo vienés e serán a súa pasaxe para ser en adiante un discípulo máis de Schönberg. Así en 1928 o *Quinteto de vento* de Gerhard basearase no método dodecafónico.

Pero volvendo aos principios da década, o Cuarteto Rosé interpretará por primeira vez no país unha obra de Schönberg: *Primeiro cuarteto*, op.7. Desta estrea de 1920, Salazar comentará no periódico El Sol “A obra que nos ofreceu o Cuarteto Rosé (...) é o cuarteto en <<re>> obra 7. Estamos, pois, na primeira maneira, pero cantos auditores non dirán: <<primeira e última!>>. Xuízo precipitado que se funda na lonxitude da obra e na súa constante vaguidade tonal. Cincuenta e cinco minutos sen un punto de apoio é certamente demasiado cando o valor das ideas é nulo e o seu desenvolvemento é perfectamente indiferente. Máis que falta de apoio trátase de falta de incitación a que se preste interese; (...) trátase dunha personalidade notable, que

nunha obra de indubidable valor técnico e experimental proponse demostrar que non ten nada que dicir en música e que o demostra de maneira máis antimusical posible...”

En 1922, coincidindo coa segunda estrea dunha obra Schönbergiana –*Noite transfigurada*, interpretada pola Orquesta Filarmónica de Madrid baixo a batuta de Bartolomé Pérez- Enrique Fernández Arbós comenta nunha conferencia que o compositor austríaco non vacila en empregar nun mesmo acorde toda a escala cromática.

En Cataluña a obra do vienés tivo moita aceptación grazas á labor de Pau Casals e Gerhard. Así, en 1925 Schönberg visitou España para dirixir en Barcelona *Pierrot Lunaire* (1912) e a *Sinfonía de cámara*, op.9 (1906), pero obtivo malas críticas, que titulaban á súa música de extravagante e caótica.

Volverá en 1932 para dirixir á orquestra Pau Casals a súa *Noite transfigurada* (1899), *Phelleas et Melisande*, op.5 (1903) e os *Oito lieder*, op.6 (1903). Un repertorio anterior á etapa expresionista atonal para contrarrestar a mala acollida de sete anos atrás. Neste ano tamén pisará España o seu discípulo Webern, e o pianista Steuerman interpretará nun recital a *Suite para piano*, op. 25 de Schönberg. A crítica, dura coma sempre mantén que “...se a finalidade dunha obra artística é crear beleza e tende a impresionar, confesaremos que (...) non é bela nin impresionante...”

En 1933 estréase en territorio español a primeira obra dodecafónica, o Tercer cuarteto, op.30 (1927). As críticas reflicten o distanciamento do autor dos canons tradicionais establecidos por Beethoven. Tras a interpretación da primeira sinfonía de cámara baixo a dirección de G. Pittaluga, as críticas fan referencia á carencia de beleza e de comprensión inmediata. Paga a pena destacar que as críticas foron suavizándose, proceso que se ve claro nos conxunto de artigos publicados por Salazar. Fronte á súa primeira mostra de escepticismo, vai aceptando a Schönberg coma o herdeiro da tradición cromática xermana (e wagneriana), e un dos compositores de máis influencia na música española do momento.

centro especializado en música que participa neste proxecto estamos poñendo especial interese en dar a coñecer o noso campo de desenvolvemento artístico: a música. Tanto as alumnas que xa participaron no encontro de colexios no Reino Unido como os que van viaxar a Finlandia a finais de maio traballaron activamente na realización de artigos relacionados con diferentes manifestacións artísticas. A maioría tamén preparou obras musicais para ser interpretadas nos concertos dos encontros. Estes traballos están sendo difundidos no blog do proxecto: <http://comeniusproject20102012.blogspot.com/>

No tocante á participación de estudantes observamos que cada vez contamos con máis interesados. Parabéns para Uxía Oña, Laura García, Elena Rodríguez, Cristina Otero, Estefanía Bustabad e Lidia González, que traballaron nas actividades relacionadas con Gran Bretaña e visitaron os centros asociados alá. E moito ánimo para os nosos seguintes embaixadores/as en Finlandia: Iria Folgado, Simón Pazos, Marta Sánchez, Alexandre Chao, Sabela Hughes, Alba Guerrero, Esther Zamora, Iago González e Carla Fernández agardamos que tamén eles volvan con afán de compartir con nós a súa experiencia.

En canto á organización, con esta asociación estamos comprobando que non só estamos a mellorar as nosas competencias sobre o tema principal, o coñecemento das artes, pois ademais supón un reto para o traballo en equipo, as relacións sociais, a planificación e o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC). As labores organizativas non son para nada comparables ás dos colexios de ensino ordinario que teñen aos estudantes distribuídos en clases colectivas, por este motivo no conservatorio temos que buscar solucións imaxinativas para adaptarnos a estes proxectos que están pensados para outro tipo de centros. Neste sentido como coordinadora de proxectos internacionais do “Xan Víaño” quero agradecer toda a axuda prestada polos

meus compañeiros do claustro, en especial: Ana Salgado Sabariz, organizadora da viaxe a Inglaterra; M^a Teresa Castrillón Díaz, organizadora da viaxe a Finlandia e as actividades relacionadas; M^a Patricia Castro González, polo seu traballo nas clases colectivas; Pablo Ponga Suero, polos seus aportes no eido das TIC, coa elaboración dun video e do cartel da Semana Comenius; Carlos Lara Coira, por axudar a poñer en contacto aos nosos alumnos cos *penfriends* de outros países... por suposto a todos os titores que programaron obras relacionadas cos países participantes... ao EDLG, en especial á súa coordinadora Iria Rico Fernández, que tivo a idea de organizar o concurso de fotografía deste ano co tema dos lemas do proxecto: igualdade, liberdade, fraternidade e loita contra o racismo... e como non, tamén a Esther Andrés Lafuente pola súa labor como experta en filoloxía inglesa, asesorando, corrixindo e traducindo textos. Por último agradecer o apoio e o tempo adicado a este proxecto por parte do resto do equipo directivo.

Para o próximo curso está previsto que sexamos nós os anfitrións, previsiblemente a semana anterior a Pascua, a finais de marzo do 2012. Este encontro vainos dar a oportunidade de convidar a estudantes dos centros asociados a convivir coas familias dos alumnos do conservatorio de luns a venres. Organizaremos ademais actividades especiais no centro como concertos, exposicións e participación dos nenos e nenas e profesorado estranxeiro nas clases e por suposto, algunha excursión. Esperamos a máxima participación e colaboración por parte das familias e dado que os estudantes dos outros centros da asociación son de idades comprendidas entre os 9 e os 16 anos, practicamente calquera alumno do centro pode estar disposto a convidar. Quen queira participar activamente no proxecto pode poñerse en contacto coa coordinadora de programas internacionais do centro no seguinte enderezo: ermitasgarcia@gmail.com

Viaxe “Comenius” a Inglaterra

14



No “Albert Dock” de Liverpool, tomando un pouco o sol.

Diario da viaxe do Proxecto “Comenius” que se realizou en Marzo de 2011

Despois de moito traballo por parte de Ermitas, xefa de estudos, comezamos a preparar a primeira viaxe a Inglaterra onde teríamos contacto con dous centros educativos: Darwen Aldridge Community Academy sita en Darwen, Lancashire e Abbey Park Middle School en Pershore, Worcestershire. Participamos neste proxecto con centros de Francia, Inglaterra e Finlandia. Disfrutamos de moitas actividades organizadas polo país anfitrión (Inglaterra). Destacaría unha moi divertida, que foi cociñar diferentes tortillas con alumnos ingleses; a verdade é que eles estaban moi perdidos, e as nosas alumnas quedaron como auténticas cociñeiras. ¡Todos querían comer as tortillas!

Tamén houbo un concerto o primeiro día, onde nós aportamos algo de música clásica, xa que o resto dos centros non eran conservatorios como

o noso. Participaron con actividades diferentes, tales como grupos de baile, o grupo francés cantando algunhas cancións co tema da liberdade etc. Quedaron encantados co noso concerto!

As nosas alumnas disfrutaron moito ca visita que fixemos a Liverpool, onde puidemos visitar o museo dos Beatles, o Cavern Club, onde tocaban os Beatles -xa fai uns anos-, e o Museo da Escravitude (algo máis duro de ver, e onde os alumnos máis novos non entraron).

No segundo centro que visitamos (Abbey Park Middle School), organizaron unha actividade moi interesante para todos os alumnos: fixeron grupos con rapaces misturados de todos os países, e tiñan preparadas unhas fotografías relacionadas con cada país; deste xeito cada un explicaba cousas características do seu país. As rapazas pasaron un bó rato, (sen contar os bloqueos que se sufrían ás

A recepción do Tratado de Harmonía de Schönberg en España

23

Laura G. Aramburu

Este ano cúmprese o centenario da primeira edición do tratado de harmonía de Arnold Schönberg¹. Este compositor austríaco foi dos primeiros autores en adentrarse no atonalismo² e avanzar despois cara o dodecafonismo³, fundamentando nestes coñecementos a Segunda Escola de Viena⁴.

A principios de século tiña lugar no noso país unha gran etapa da música española. Influenciada pola vangarda francesa, a música española estaba cargada de significado nacionalista. As obras eran coloristas, alegres, de melodías sinxelas que eran moi ben recibidas en toda a sociedade. Sobre esta base entrarán con moita forza e presenza os contemporáneos de Schönberg: Strauss, Debussy, Stravinsky, Scriabin, Bartók e Ravel. A afinidade destes autores ao gusto dese momento da sociedade española provocaron que a Segunda Escola de Viena quedase nun segundo plano, con Schönberg á cabeza.

Por esta razón, a aparición da *Harmonía* de Schönberg en España non foi inmediata. No seu tratado de harmonía, o compositor explica a harmonía tonal que todos utilizan, aínda que cuestiona o concepto tradicional de consonancia e disonancia baseándose na teoría dos harmónicos e co argumento de que a distinción entre disonancia e consonancia ven dada por unha convención e non por natureza. Maila todo isto, cando Schönberg trata o tema da atonalidade no seu tratado, non encontra argumentos que sosteñan o seu desenvolvemento, aínda que agarda atopalos pronto.

Non foi ata 1912 na estrea en París de *Pierrot Lunaire*, cando o compositor vienés comeza a ter maior importancia en Europa. A crítica do momento favoreceron a expansión da súa música apreciando a súa excelente instrumentación e estrutura polifónica e contrapuntística.

Influídos por estas e outras críticas francesas e inglesas, Manuel de Falla e Adolfo Salazar comezan a ter conciencia da importancia da música de Schönberg, pero non lle dan unha gran acollida porque considerala música moi cerebral e abstracta fronte ao impresionismo francés. No entanto, eles mercan a partitura de *Pierrot Lunaire*.

A primeira mención de Schönberg en España será nun artigo de Salazar na *Revista Musical Hispanoamericana* en 1915. Nel, Salazar esboza unha breve biografía e unha clasificación das etapas de creación do autor –datos seguramente tomados da crítica inglesa-. Da primeira etapa (ata 1901) recolle as influencias no autor de Bruckner e Mahler, totalmente adentrado na técnica compositiva tonal; da última etapa (1908-1911) explica o abandono do considerado indispensable nunha composición musical: consonancia, tonalidade, desenvolvemento temático, forma e programa, quedándose só co ritmo e a cor orquestral. Curioso é que o cambio de unha a outra época produciuse radicalmente, non de modo gradual.



Laura G. Aramburu

¹ Arnold Schönberg, *Harmonielehre*, Universal, 1911.

² Atonalismo: Término que designa la música que evita establecer un centro tonal.

³ Dodecafonismo: Forma de atonalidade baseada na ordenación en serie das doce notas da escala cromática.

⁴ Schönberg, Berg e Webern, en contraposición á que a Historiografía nomea tradicionalmente como Primeira Escola de Viena, Haydn, Mozart e Beethoven

L e U: Polo momento non temos a resposta. Para iso ao final de curso a nosa compañeira Crisina Otero redactará un decálogo para saber cómo se pode colaborar có medio ambiente no conservatorio.

ELDG: Por último -pero non o último-..., algunha suxerencia de cara ao futuro?

L e U: Si, a pesar de que Lauriña non está, temos pensado adicar unas xornadas a problemática das drogas.

Unha vez máis, moitísimas gracias a Laura e Uxía pola vosa colaboración e moito ánimo de cara ao futuro.

Visita aos "m.c2"

EDLG

Pois si, esta fórmula resultou ser un éxito, fixemos en pouco tempo moitas cousas. O alumnado das dúas orquestras de Grao Profesional do noso centro tiveron a oportunidade de visitar os Museos Científicos Coruñeses xunto coa orquestra de Grao Profesional do CMUS Manuel Quiroga de Pontevedra. Foron momentos de reencontros para os profesores e de encontros para os alumnos.



Este proxecto nace a partir da invitación que este conservatorio lle fai a Marcos Pérez Maldonado no curso 2009-10 para formar parte do tribunal do concurso de contos C@ntemus.

Despois de ver a Casa das Ciencias, Marcos Perez, o director técnico da mesma, ofreceunos unha sesión de Planetario e acto seguido encamiñámonos ao Museo do Home para xantar. As 18:00 tivo lugar o concerto na sala de proxeccións da Domus.

Despois do intercambio de repertorios das orquestras fixemos unha sesión de fotos e volvimos a Ferrol botando de menos unha cena conxunta.

Cabe salientar o excelente comportamento do noso alumnado, que non deu traballiño ningún!..



veces para expresarse en inglés). Pero este tipo de actividades axudou a que se tiveran que comunicar en outro idioma e a empregar a linguaxe corporal (cando non había máis opcións de entedimento) Debo destacar que coincidimos con rapaces moi bós dos outros países, cos que puidemos falar e pasar moi bó rato. Todos falaban con nós de fútbol (Barcelona, Iniesta, MESSI...), e todos tiñan un sorriso para nós. Foron moi agradables. Incluso algúns case choraban na despedida!! Estamos desexando que veñan os rapaces a Ferrol, e que disfruten da nosa terra! Estou segura de que será así!

Asinado: os participantes desta viaxe ta especial

Laura G. Aramburu
Fanny Bustabad
Uxía Oña
Lidia González
Elena García
Cristina Otero
José Manuel Yáñez
Ana Salgado



No comedor da Abbey Park Middle School, con alumnas dese centro.

Exquisita escoita en Ourense

Patricia Castro

Todo comezou o pasado xoves 3 de marzo ás 17.00 horas.

Ás cinco en punto da tarde un grupo de alumnos de óboe e clarinete do Conservatorio Xan Viaño de Ferrol xuntábase na entrada do centro para acudir a unha charla-coloquio e posterior concerto no Paraninfo do Instituto Otero Pedraio de Ourense. Acudiron ó evento os alumnos de óboe Marta Sánchez, Marina Gracia, Iria Folgado, Nicolás Esteiro e Pablo García e as alumnas de clarinete Cristina Otero e Laura García. Todos eles estiveron acompañados po-

los mestres de óboe Ana Salgado e Marcos Galán e pola mestra de fagote Patricia Castro.

Un ano máis a organización de concertos "Sen Batuta" levou a cabo un ciclo de concertos e charlas na cidade de Ourense ó longo de tódolos xoves primeiros de mes agás un. Este día ían a tocar os prestixiosos mestres internacionais Maurice Bourgue co óboe, Lorenzo Guzzoni co clarinete, Radovan Vlatkovic coa trompa, Sergio Azzolini co fagote e Laia Masramon co piano. O título deste concerto denominábase Maurice Bourgue &

Friends e ían a interpretar obras de L. van Beethoven, R. Schumann, W. A. Mozart e M. Glinka. Era a primeira vez que estes grandes músicos actuaban en terras galegas polo que ás case cinco horas de traxecto de ida e volta dende Ferrol a Ourense en automóbil merecían a pena.

Ás sete e media en punto abríanse as portas do Paraninfo, un belísimo salón do século XIX onde se levaron a cabo as sesións dos claustros de finais dese século. Había moita xente para entrar e todos querían ser os primeiros para apoderarse dunha

Ludwig van Beethoven (1770-1827)

Quinteto para piano e ventos en Mi bemol Maior, op. 16

I. Grave- Allegro ma non troppo

II. Andante cantabile

III. Rondo, Allegro ma non troppo

Mijaíl Ivánovich Glinka (1804 – 1857)

Trío Patético para clarinete, fagote e piano en Re menor

I. Allegro moderato

II. Scherzo: Vivacissimo

III. Largo

IV. Allegro con spirito

butaca cerca do escenario. Xa todos acomodados, os músicos Maurice Bourgue e Sergio Azzolini foron os encargados de levar a cabo a charla, acompañados dun tradutor de francés, inglés e italiano, xa que os mestres ían utilizando segundo fose un ou outro idioma. Durante a media hora que durou a charla explicaron ao público as obras que ían a interpretar, así coma o papel que cada instrumento ía a ter, ben de solista ou de acompañante ou de todo un pouco coma o fagote.

Xa ás oito e media comezou o espectáculo:

Robert Schumann (1810 – 1856)

Adagio y Allegro para trompa e piano en Lab Maior, op. 70

I Adagio.

II. Allegro.

Wolfgang Amadeus Mozart (1756-1791)

Quinteto para piano e ventos en Mi bemol Maior K 452

I. Largo, Allegro moderato

II. Larghetto

III. Rondo, Allegretto



Naquel lugar e coa magnífica interpretación estilística que se escoitaba en todo momento, o público, moi posiblemente puido imaxinar nalgún momento, que estaba a vivir no século XIX e que se atopaba nun concerto daquela

época, só faltaban as roupas e as perrucas da época!. E para rematar, tralo concerto tocaba saudar ós músicos. Os alumnos Cristina, Laura e Pablo xunto coa mestra Patricia alí se presentaron. Para min (mestra de fagote) foi moi emotivo xa

que volví a recordar algúns dos momentos estudiantís cos que pasei cos mestres Sergio Azzolini e Radovan Vlatkovic anos atrás. Arredor da 1.30 horas chegabamos á casa. Bravo mestres e grazas Cibrán Sierra por este concerto!!

- A música diminúe o umbral da percepción sensorial polo cal escoitar os tons musicais pode mellorar a visión ata nun 25%. Quizáis esta relación tamén sexa a causante das sinestesias, persoas que ao escoitar a música ven cores diante dos seus ollos. Sen dubida algunha, resulta un paseo curioso a

posibilidade de adentrarnos nos misterios do cerebro humano.

EDLG: Grazas rapazas do ANPA por regalarmos tantos ambientes este curso

O Planeta no Xan Viaño

EDLG

Laura García e Uxía Oña son dúas alumnas deste centro que organizaron un mes adicado ao Planeta. Trouxéronnos conferenciantes para concienciarnos de que o planeta está atravesando un momento perigoso para a humanidade, e tamén organizaron unha actividade mais lúdica na que todo o mundo tivo cabida, unha actividade de moda nestes tempos, chamada “Flash mob”, e que ven sendo a grabación dun video-clip con coreografías adaptadas a todas as idades. O resultado desta actividade se colgará na rede próxima mente.

Desde o EDLG, e desde a admiración, recíbide a nosa mais sincera noraboa por este traballo tan bonito que estades facendo no Xan Viaño.

EDLG: Qué foi o que vos moveu a facer este Mes da Terra e cómo nace este proxecto?

Laura e Uxía: Nunha conversación, falamos sobre a triste situación do planeta, entón decidimos promover esta actividade como un proxecto educativo para o centro.

EDLG: Qué criterios seguíchedes para elixir as persoas que viñeron dar as conferencias?

L e U: Quixemos falar do medio ambiente dende diferentes puntos de vista (económico, histórico, científico...) por iso escollimos a persoas de diferentes entornos.

EDLG: Con qué dificultades vos atopáchedes? Hai algunha que mereza unha especial mención?

L e U: Fundamental a axuda económica.

O diñeiro é o que move os intereses. Grazas á ANPA o proxecto foi posible.



EDLG: Cómo valorades a resposta dos diversos colectivos que conforman o Xan Viaño ante as actividades propostas?

L e U: Non puidemos facer algunhas conferencias por falta de público. Pero no flash move contamos co apoio de moitos alumnos, país e algún profesores.

EDLG: Na vosa opinión..., cómo pensades que se pode unir a música e a concienciación ecolóxica?

As relacións escondidas: a música e o cerebro

20

E ben sabido que a música ten un efecto conmovedor na nosa psique pero... qué sucede no cerebro?.

ANPA

Dende que se deu a coñecer o Efecto Mozart (algunhas das composicións do músico poden mellorar o razoamento espacio-temporal) moito se ten descuberto na relación música-cerebro. A intención non é realizar unha análise exhaustiva da relación música-cerebro senón destacar algúns elementos importantes, quizáis un tanto curiosos, sobre qué sucede no funcionamento cerebral mentres escoitamos as notas musicais.

- O cerebro non é un simple receptor do son senón que tamén controla a sensibilidade do oído interno polo que moitas veces modifica, filtra os sons e interpretaos. Isto posibilitanos que nunha festa, poidamos escoitar as conversas aínda que soe a música de fondo.
- O maior interese do cerebro ubícase nos cambios e nos contrastes polo que un son monótono termina por non escoitarse grazas a dous fenómenos: a adaptación dos receptores e un proceso inhibitorio chamado habituación.
- A melodía, a localización dos tons e o análise harmónico localízanse preferentemente no hemisferio dereito. Pero... curiosamente, os músicos profesionais na percepción das melodías utilizan máis o hemisferio esquerdo porque o entrenamiento en música provoca un cambio na dominancia cerebral. Así, a percepción da melodía desprazase do hemisferio dereito ao esquerdo.
- Ao contrario, a percepción do ritmo ten lugar esencialmente no hemisferio esquerdo. E por isto que hai persoas que teñen unha capacidade de percepción harmónica brillante pero son pouco dotados para a percepción do ritmo e viceversa.
- Pola contra, o canto, que implica tanto a música coma o linguaxe, involucra ambos hemisferios.
- Cando nos imaxinamos a música ou a vivimen-

ciamos de xeito moi forte actívanse as estruturas do sistema límbico, especialmente o tálamo, o que fai que nalgúns ocasións experimentemos a música como se experimentan as paixóns.

- Moitos músicos profesionais teñen a área temporal máis desenvolta e grande que o resto das persoas. O mesmo sucede coa metade anterior do corpo calloso que une ambos hemisferios.

- Outra característica curiosa dos músicos é que utilizan menos rexións cerebrais cando executan movementos coa man que as persoas normais.

- Tamén existen diferenzas de xénero na música: mentres que no home o hemisferio dereito é dominante para analizar secuencias de tons, nas mulleres implicanse ambos hemisferios.

- Existe un trastorno coñecido como amusia, é dicir, a incapacidade para comprender ou reproducir a música. Está producido por lesións cerebrais das zonas temporais.

- Existen casos especiais de desconexión entre música e linguaxe no cerebro dende idades moi temperas, son os chamados “músicos sabios”; nenos deficientes nas habilidades lingüísticas pero cun oído absoluto, unha percepción delicadísima, unha capacidade enorme de representación acústica e unha memoria musical excepcional. Soen ter lesións no hemisferio esquerdo.

- Moitos compositores sufrían do que hoxe chamamos períodos maníaco-depresivos.

Curiosamente, as persoas aqueixadas deste trastorno normalmente mostran altos índices de creatividade. Suponse que aproximadamente un tercio de todos os escritores e artistas, así como a metade dos poetas, tiveron síntomas maníaco-depresivos. A bon entendedor...

Liberdade, igualdade, fraternidade... e racismo

17

EDLG

Estes foron os temas do concurso de fotografía deste ano, o motivo foi o intercambio “Comenius” que este ano impregnou de internacionalidade o noso centro. Parecían temas complicados para plasmar nun intre, nunha imaxe, pero o noso alumnado fixo fotos realmente increíbles. Moitísimas grazas a todos por participar, animádevos os que este ano estivedes dubidosos e non o fixestes!

Foto gañadora do concurso deste ano

Laura Formoso





David Seoane 1



Iria Folgado


Catuxa Pita



Sheila Adán



Catuxa Pita



Iria Folgado



David Seoane 2



Marta Sánchez



Laura Formoso



Iria Folgado



Iria Folgado